

I. DISPOSICIÓN XERAIS

MINISTERIO DE INDUSTRIA, TURISMO E COMERCIO

1010 *Real decreto 1797/2010, do 30 de decembro, polo que se aproba o Regulamento do Fondo para a Internacionalización da Empresa.*

A Lei 11/2010, do 28 de xuño, de reforma do sistema de apoio financeiro á internacionalización da empresa española, permitiu a adaptación dos instrumentos de apoio financeiro oficial á internacionalización en liña cos novos retos e necesidades das empresas españolas nun marco de maior competencia no comercio internacional. A creación mediante a citada Lei do Fondo para a Internacionalización da Empresa (en diante FIEM) deu resposta ás exixencias derivadas da aprobación da Lei 38/2006, do 7 de decembro, reguladora da xestión da débeda externa, que deu pé a unha profunda reforma do Fondo de Axuda ao Desenvolvemento.

O FIEM nutrírase coas dotacións que se consignen nas leis de orzamentos xerais do Estado, a través do orzamento do Ministerio de Industria, Turismo e Comercio. A esta dotación deberanse sumar os recursos procedentes dos reembolsos ou cesións onerosas de préstamos e créditos concedidos, así como aqueles fluxos económicos procedentes das comisións e xuros xerados e cobrados pola realización dos ditos activos financeiros. A dotación orzamentaria, establecida na Lei de orzamentos xerais do Estado, será desembolsada e transferida ao Instituto de Crédito Oficial (ICO), axente financeiro do Estado.

Este instrumento responde ás novas necesidades que, en materia de apoio financeiro oficial á internacionalización, se detectaron a raíz da recente crise económica e financeira, que fixo evidente a necesidade de reforzar e flexibilizar o apoio oficial ás operacións de internacionalización da empresa española.

Así, o obxecto do FIEM é promover as operacións de exportación de bens e servizos das empresas españolas, así como o investimento directo español no exterior, de maneira que o FIEM ten como obxectivo fomentar a internacionalización das empresas españolas outorgando para os seus proxectos unhas condicións de financiamento capaces de mellorar a competitividade da súa oferta.

A referida lei recolle as principais liñas reguladoras do novo instrumento para a internacionalización da economía española, obxectivo a que as empresas en xeral e, particularmente, as pequenas e medianas empresas poden contribuír de maneira relevante. Por iso, é conveniente que o desenvolvemento regulamentario sistematice e concrete as condicións obxecto de desenvolvemento previstas na Lei 11/2010, do 28 de xuño. Para tales efectos, a disposición derradeira segunda da Lei 11/2010, do 28 de xuño, autoriza o Goberno para aprobar o desenvolvemento regulamentario do FIEM co fin de completar a regulación do Fondo en aspectos tales como as combinacións de outorgamento do FIEM xunto con outras actuacións de carácter financeiro ou como as estipulacións relativas á xestión, incluídas as condicións financeiras dos créditos, o financiamento dos gastos locais, a participación de material estranxeiro ou o financiamento de comisións comerciais, así como calquera outra circunstancia que hai que ter en conta nas operacións con cargo ao FIEM.

O regulamento que se aproba mediante este real decreto componse de trinta artigos estruturados en cinco capítulos.

O capítulo I contén as disposicións xerais do regulamento, que son as relativas ao obxecto e natureza do FIEM e, así mesmo, aos principios aplicables ao instrumento.

O capítulo II recolle as actuacións obxectivo do FIEM, especificando as operacións e proxectos financiáveis con cargo ao Fondo.

O capítulo III define os requisitos e as obrigas exixibles aos beneficiarios e aos adxudicatarios do FIEM, así como os principios aplicables á selección e adxudicación de

proxectos e os obxectivos que debe cumprir toda adxudicación. Así mesmo, concrétese o réxime das garantías do financiamento reembolsable con cargo ao FIEM e que deben cumprir os beneficiarios.

O capítulo IV recolle dúas definicións fundamentais de cara á valoración das operacións financiadas con cargo ao FIEM: o «valor do contrato comercial ou de exportación» e o «valor dos bens e servizos exportados». Neste capítulo, así mesmo, enumérase a tipoloxía de modalidades de financiamento con cargo ao FIEM, centrada en tres categorías fundamentais como son, por un lado, os créditos, préstamos e liñas de crédito reembolsables en condicións comerciais; por outro lado, os créditos, préstamos e liñas de crédito reembolsables en condicións concesionais e, por último, o denominado financiamento non reembolsable. A continuación, detállanse as características e as condicións financeiras a que están suxeitas as mencionadas modalidades de financiamento.

Finalmente, o capítulo V está dedicado á regulación da xestión do FIEM, xestión en que, sen prexuízo das funcións atribuídas ao secretario de Estado de Comercio Exterior ou ao director xeral de Comercio e Investimentos, cumpre un papel fundamental o Comité do Fondo para a Internacionalización da Empresa (Comité do FIEM), cuxa composición, funcionamento e funcións aparecen desenvolvidas neste capítulo V.

Este real decreto, que foi obxecto do preceptivo trámite de audiencia, foi, así mesmo, sometido a informe da Comisión Delegada do Goberno para Asuntos Económicos.

Este real decreto acha o seu fundamento legal nas habilitacións para o desenvolvemento regulamentario contidas nos artigos 4.2, 5.5, 6, 7.4 e 8.1 e na anteriormente mencionada disposición derradeira segunda da Lei 11/2010, do 28 de xuño, de reforma do sistema de apoio financeiro á internacionalización da empresa española.

Na súa virtude, por proposta do ministro de Industria, Turismo e Comercio, coa aprobación previa do vicepresidente terceiro do Goberno e ministro de Política Territorial e Administración Pública, de acordo co Consello de Estado e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do 30 de decembro de 2010,

DISPOÑO:

Artigo único. Aprobación do Regulamento do Fondo para a Internacionalización da Empresa (FIEM).

Apróbase o Regulamento do Fondo para a Internacionalización da Empresa (FIEM), cuxo texto se insire a continuación.

Disposición adicional única. Custo económico.

A aplicación das previsións contidas neste real decreto non supón aumento do gasto público, toda vez que o funcionamento do Comité do Fondo para a Internacionalización da Empresa (Comité do FIEM) se desenvolverá cos recursos humanos e cos medios materiais existentes.

Disposición transitoria única. Obrigas adquiridas con anterioridade.

As obrigas e compromisos asumidos no marco de programas financeiros con países terceiros ou de carácter xeral ou sectorial, así como os acordos establecidos polo Consello de Ministros con anterioridade á entrada en vigor deste real decreto, manterán a súa vixencia nos termos aceptados e poderán ser executados e financiados con cargo ao FIEM sempre que se trate de operacións e proxectos que respondan aos criterios contidos no capítulo II do regulamento que se aproba mediante este real decreto.

En todo caso, conforme a disposición adicional primeira da Lei 11/2010, do 28 de xuño, a partir da entrada en vigor desta, os activos e pasivos do Fondo de Axuda ao Desenvolvemento (FAD), así como os correspondentes dereitos e obrigas, serán transferidos ao balance do Fondo para a Internacionalización da Empresa, coa excepción dos activos e pasivos que sexan atribuíbles a operacións aprobadas con cargo FAD por iniciativa do Ministerio de Asuntos Exteriores e de Cooperación desde o 1 de xaneiro de

2006, e do ministerio de Economía e Facenda, que transferirá todos os activos e pasivos do FAD atribuíbles a operacións por iniciativa do dito departamento ao balance dese Ministerio.

Disposición derradeira primeira. *Títulos competenciais.*

Este real decreto dítase ao abeiro das competencias que o Estado ten atribuídas polos artigos 149.1.10.^a e 14.^a da Constitución, en materia de comercio exterior e facenda xeral, e débeda do Estado, respectivamente.

Disposición derradeira segunda. *Habilitación para a adaptación do Regulamento do Fondo.*

1. O ministro de Industria, Turismo e Comercio poderá adaptar, mediante orde ministerial, logo de acordo da Comisión Delegada do Goberno para Asuntos Económicos, as disposicións do Regulamento do Fondo para a Internacionalización da Empresa (FIEM) relativas ás características e ás condicións financeiras dos créditos, préstamos ou liñas de crédito reembolsables en condicións comerciais ou concesionais, ás exixencias derivadas das modificacións ou dos cambios acordados no ámbito do Consenso da OCDE.

2. Así mesmo, o ministro de Industria, Turismo e Comercio poderá completar e desenvolver mediante orde ministerial as disposicións deste regulamento para asegurar o seu bo funcionamento e a adecuación aos seus obxectivos, logo de acordo da Comisión Delegada do Goberno para Asuntos Económicos.

Disposición derradeira terceira. *Entrada en vigor.*

Este real decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 30 de decembro de 2010.

JUAN CARLOS R.

O ministro de Industria, Turismo e Comercio,
MIGUEL SEBASTIÁN GASCÓN

REGULAMENTO DO FONDO PARA A INTERNACIONALIZACIÓN DA EMPRESA (FIEM)

CAPÍTULO I

Disposicións xerais

Artigo 1. *Obxecto e natureza do Fondo para a Internacionalización da Empresa.*

1. O Fondo para a Internacionalización da Empresa (FIEM) é o instrumento para o financiamento de apoio oficial á internacionalización da empresa española, xestionado polo Ministerio de Industria, Turismo e Comercio, a través da Secretaría de Estado de Comercio Exterior.

Por se tratar dun fondo sen personalidade xurídica, o réxime orzamentario, económico-financieiro, contable e de control do Fondo para a Internacionalización da Empresa rexerá de acordo co establecido no artigo 2.2 e disposición adicional décimo cuarta da Lei 47/2003, do 26 de novembro, xeral orzamentaria.

2. O obxecto do FIEM é promover as operacións de exportación de bens e servizos das empresas españolas, incluíndo a transferencia e implantación de tecnoloxía española no exterior, así como as de investimento español directo no exterior.

3. Os recursos comprometidos e desembolsados en cada exercicio con cargo ao FIEM non poderán ser considerados en ningún caso como axuda oficial ao desenvolvemento (AOD).

4. Naqueles casos en que así estea recollido na normativa da Unión Europea sobre crédito á exportación con apoio oficial, os recursos do FIEM non se poderán dedicar a promover operacións de exportación a países membros da Unión Europea.

Artigo 2. *Principios reitores da xestión do Fondo para a Internacionalización da Empresa.*

A xestión do FIEM será acorde cos seguintes principios:

1. Coherencia e integración co resto de políticas: a xestión do Fondo será coherente cos convenios asinados e ratificados polo Goberno de España, co marco de actuación das distintas políticas españolas, en particular coas políticas de creación de emprego e promoción da actividade empresarial, e co principio de coherencia de políticas para o desenvolvemento.

2. A internacionalización da economía española como obxecto do Fondo: dentro deste marco, as decisións relativas ao Fondo, en particular as relativas ao financiamento de proxectos ou operacións, terán como obxectivo o apoio e o fomento da internacionalización da economía española.

3. Coordinación: as decisións e accións do departamento ministerial competente serán acordes co principio de lealdade institucional recollido no artigo 4 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

4. Complementariedade coa actuación do mercado: o apoio público á internacionalización da empresa española derivado da xestión deste Fondo será complementario, nunca substitutivo, da actividade do mercado privado.

5. Coherencia co marco normativo internacional: a xestión do Fondo será compatible co marco normativo internacional vixente.

6. O xestor do Fondo velará, con todos os medios ao seu alcance, pola eficiente utilización dos recursos públicos, avaliando o impacto das operacións realizadas e a súa adecuación aos fins que persegue o Fondo.

CAPÍTULO II

Actuacións con cargo ao FIEM

Artigo 3. *Operacións, proxectos e actuacións financiáveis con cargo ao FIEM.*

1. O FIEM financiará aquelas operacións e proxectos de interese especial para a estratexia de internacionalización da economía española, así como as asistencias técnicas que estas operacións e proxectos requiran tanto en países desenvolvidos coma en países en vías de desenvolvemento.

2. Así mesmo, con cargo ao FIEM poderanse financiar asistencias técnicas e consultorías de interese especial para a estratexia de internacionalización, destinadas á elaboración de estudos de viabilidade económica ou técnica, estudos relacionados coa modernización de sectores económicos ou rexións, así como consultorías destinadas á modernización institucional de carácter económico, en países de especial interese para as empresas españolas.

3. A Secretaría de Estado de Comercio Exterior, a través da Dirección Xeral de Comercio e Investimentos, garantirá, con todos os medios ao seu alcance, a eficaz e eficiente utilización dos recursos do Fondo, para o cal se poderán financiar, con cargo ao propio Fondo, as actuacións e servizos técnicos e encomendas de xestión que se consideren oportunas.

4. As operacións, proxectos e actuacións a que se refiren os números anteriores serán os que se establecen nos artigos seguintes deste capítulo.

Artigo 4. *Exportación de bens e/ou servizos.*

1. Serán susceptibles de obter apoio financeiro os contratos de exportación, incluíndo a transferencia e implantación de tecnoloxía, de bens e/ou servizos producidos ou prestados en proxectos de interese para a internacionalización da empresa española.

2. Con cargo ao FIEM non se financiarán operacións de exportación de material de defensa, paramilitar e policial destinado a ser usado por exércitos, forzas policiais e de seguridade ou os servizos antiterroristas. En canto ao resto de material, poderá ser financiado sempre que cumpra cos controis legalmente establecidos.

3. Con cargo ao FIEM tampouco se financiarán proxectos vinculados a determinados servizos sociais básicos, tales como a educación, a saúde e a nutrición. En canto á subministración de material ou á implantación de sistemas tecnolóxicos, poderán ser financiados na medida en que as empresas subministradoras non estean vinculadas cos organismos ou entidades provedores da prestación directa dos servizos sociais indicados aos destinatarios finais destes.

Artigo 5. *Proxectos de investimento.*

Serán susceptibles de obter apoio financeiro complementario a outras fontes de financiamento públicas ou privadas aquelas operacións ou proxectos que impliquen a creación dunha, ou a participación, nunha sociedade ou entidade de carácter produtivo ou concesionario, tales como, entre outras, sociedades de propósito específico, sempre que esta sociedade ou entidade estea participada, na súa totalidade ou en parte, por unha ou varias empresas españolas, e cando estes proxectos de investimento repercutan en beneficio da internacionalización da economía española.

Artigo 6. *Asistencias técnicas, consultorías e estudos de viabilidade.*

Con carácter xeral poderán ser obxecto de financiamento as consultorías e estudos de interese especial para a estratexia de internacionalización da economía española. En particular, poderanse financiar as asistencias técnicas e consultorías destinadas á elaboración de estudos de viabilidade e factibilidade económica, técnica ou operacional dos proxectos, ou ao desenvolvemento de plans marco de desenvolvemento sectorial,

xeográfico ou rexional, así como ao deseño da regulación ou planificación de sectores e, en xeral, os relacionados coa modernización e o fortalecemento institucional de carácter económico e administrativo, en países de especial interese para as empresas españolas.

Así mesmo, poderanse financiar estudos de preparación ou avaliación para proxectos susceptibles de seren financiados con cargo ao FIEM.

Artigo 7. Contribucións a organismos internacionais e financiamento no marco de acordos de colaboración con organismos internacionais e outras institucións.

1. Así mesmo, con carácter excepcional e en coordinación co departamento ministerial competente poderanse canalizar recursos a través do FIEM a organismos internacionais, incluíndo instrumentos e fondos xestionados por eles, sempre que a contribución correspondente teña un claro interese comercial e que o organismo receptor da contribución outorgue a súa garantía cando o financiamento sexa reembolsable.

2. Cando as operacións impliquen institucións financeiras internacionais, tanto a súa identificación como as distintas etapas posteriores, levaranse a cabo logo de coordinación co Ministerio de Economía e Facenda.

3. Serán susceptibles de recibir financiamento con cargo ao FIEM as operacións e proxectos que se formulen no marco dun acordo de colaboración con organismos internacionais, en que tamén participen, se é o caso, institucións ou entidades públicas ou privadas. Estas operacións deberán ser de interese para a internacionalización da economía española.

Artigo 8. Actuacións con medios propios da Administración, apoio técnico e gastos de xestión.

1. Con cargo ao FIEM poderanse financiar as actuacións con medios propios da Administración e os servizos técnicos e de xestión necesarios que teñan como obxectivo asegurar a preparación, desenvolvemento e execución dos proxectos que reciban financiamento con cargo ao FIEM.

Así mesmo, poderase contratar, con cargo ao FIEM, o control, seguimento e avaliación dos distintos proxectos e axudas que fosen ou vaian ser financiados con cargo ao dito Fondo.

2. As actuacións e servizos técnicos, os controis, seguimentos e avaliacións mencionados no número anterior poderán ser realizados directamente polo xestor do FIEM, a través da Dirección Xeral de Comercio e Investimentos, ou mediante a correspondente encomenda de xestión a algunha das entidades que teñan atribuídas a condición de medio propio e servizo técnico da Administración. Así mesmo, poderanse contratar cun terceiro con suxeición ao establecido na Lei 30/2007, do 30 de outubro, de contratos do sector público, e na súa normativa de desenvolvemento.

3. A Secretaría de Estado de Comercio Exterior, a través da Dirección Xeral de Comercio e Investimentos, e logo de proposta do Comité do Fondo para a Internacionalización da Empresa (Comité do FIEM), poderá subscribir convenios de colaboración con outras entidades nacionais tales como a Compañía Española de Seguro de Crédito á Exportación (CESCE) ou a Compañía Española de Financiamento do Desenvolvemento (COFIDES), entre outras, para asegurar o bo desenvolvemento e funcionamento do instrumento. Os gastos en que incorran estas entidades no desenvolvemento das actividades acordadas no respectivo convenio de colaboración serán financiados con cargo ao FIEM.

4. Por instrucións do Ministerio de Industria, Turismo e Comercio, a través da Dirección Xeral de Comercio e Investimentos, e na súa calidade de axente financeiro do FIEM, o Instituto de Crédito Oficial (ICO) poderá contratar con cargo ao FIEM as asistencias técnicas vinculadas aos proxectos previstos neste regulamento.

5. Anualmente, con cargo ao FIEM e logo de autorización do Consello de Ministros, compensarase o Instituto de Crédito Oficial (ICO) polos gastos en que incorra no desenvolvemento e execución da función que se lle encomenda como axente financeiro, segundo o previsto no artigo 11 da Lei 11/2010, do 28 de xuño.

CAPÍTULO III

Beneficiarios, garantías e adxudicatarios*Artigo 9. Beneficiarios do financiamento.*

1. Os beneficiarios de financiamento con cargo ao Fondo poderán ser outros Estados, administracións públicas rexionais, provinciais e locais estranxeiras, institucións públicas estranxeiras, así como empresas, agrupacións, consorcios de empresas públicas e privadas estranxeiras tanto de países desenvolvidos como de países en vías de desenvolvemento.

2. Así mesmo, en coordinación co departamento ministerial competente, poderán ser beneficiarios os organismos internacionais a que se refire o artigo 7 deste regulamento, sempre que a contribución correspondente teña un claro interese comercial para a internacionalización da economía española.

3. Non se poderá outorgar ningún tipo de financiamento reembolsable a países pobres que estean altamente endebedados. Neste sentido, os países que alcanzasen o punto de culminación da iniciativa para a redución da débeda dos países pobres altamente endebedados (HIPC, na súa sigla en inglés), só poderán excepcionalmente ser beneficiarios deste tipo de operacións reembolsables cando así o autorice expresamente o Consello de Ministros, logo de informe da Comisión Delegada do Goberno para Asuntos Económicos.

4. En caso de incumprimento das condicións previstas no instrumento de financiamento, aplicarase o disposto no artigo 13 da Lei 11/2010, do 28 de xuño.

Artigo 10. Garantías do financiamento reembolsable con cargo ao FIEM.

1. Os beneficiarios de financiamento reembolsable con cargo ao FIEM deberán garantir as operacións crediticias achegando unha garantía soberana ou dun organismo internacional.

2. Poderanse admitir tamén como garantía do financiamento outorgado as garantías de administracións públicas rexionais, provinciais e locais estranxeiras, institucións públicas estranxeiras ou de empresas públicas ou privadas estranxeiras que sexan de adecuada solvencia.

Para garantir unha adecuada valoración de todos os elementos que se deberán ter en conta no proceso de toma de decisións, nestes casos, a Secretaría de Estado de Comercio Exterior, a través da Dirección Xeral de Comercio e Investimentos, deberá solicitar un informe técnico de valoración do risco de crédito dun experto na materia, de acordo co previsto no artigo 8, número 3, deste regulamento.

O informe deberá valorar tanto as garantías proporcionadas como os posibles mecanismos de mitigación de risco que se acheguen a el, así como as cualificacións crediticias, e caso de existiren, emitidas por entidades de cualificación rexistradas na Unión Europea. Tamén se valorará calquera outro tipo de garantía de adecuada solvencia que resulte suficiente de acordo con este artigo.

O informe e as súas recomendacións serán remitidos aos membros do Comité do FIEM para a súa valoración coa suficiente antelación á realización da reunión en que se queira analizar un proxecto con este tipo de garantías.

Artigo 11. Principios aplicables á selección e adxudicación de proxectos.

1. O FIEM ofrecerá apoio financeiro preferentemente a proxectos adxudicados por licitación pública ou internacional.

2. Poderase ofrecer apoio financeiro con cargo ao FIEM para proxectos adxudicados por outros procedementos. Nestes casos, a Dirección Xeral de Comercio e Investimentos poderá solicitar unha auditoría de prezos sobre as ofertas adxudicadas.

3. Para a identificación de proxectos, o xestor do Fondo terá en conta as necesidades priorizadas polo país beneficiario e as normas internacionais sobre o financiamento de proxectos.

4. Corresponderá ao xestor do Fondo a selección dos proxectos que se financiarán con cargo ao Fondo e de común acordo cos beneficiarios do financiamento.

5. A adxudicación dos proxectos financiados con cargo ao FIEM corresponde ao beneficiario do financiamento.

6. Sen prexuízo do proceso de aprobacións das operacións e proxectos financiados con cargo ao FIEM recollido neste regulamento, a adxudicación das ditas operacións e proxectos por parte do beneficiario deberá contar coa non obxección da Dirección Xeneral de Comercio e Investimentos da Secretaría de Estado de Comercio Exterior.

Artigo 12. *Empresas adxudicatarias e estratexia de internacionalización.*

1. Entenderase que unha operación ou proxecto, asistencia técnica ou consultoría é de interese especial para a estratexia de internacionalización cando promova a internacionalización das empresas españolas en xeral e, particularmente, das pequenas e medianas empresas españolas, cando comporten o investimento directo ou exportación de bens e servizos de orixe e fabricación española nunha porcentaxe suficientemente significativa do financiamento ou cando, en ausencia do dito requisito, concorran circunstancias que xustifiquen o dito interese.

Entenderase que unha operación ou proxecto é de interese para a internacionalización cando teña un impacto positivo nas empresas, ben porque comporte a exportación directa de bens e servizos, ben porque o proxecto reúna determinadas características que fagan que a súa execución reverta en beneficio claro para as empresas. En especial, considerarase o impulso da marca, a transferencia de tecnoloxía, a contribución do proxecto á mellora da produtividade dos investimentos no exterior, a adquisición de créditos de carbono, a fabricación de equipamentos subministrados por filiais españolas en países terceiros e a vinculación da operación con contratos de concesión para a prestación de servizos que comporten o investimento de empresas españolas no exterior.

2. O FIEM poderá proporcionar apoio financeiro para preparar a subscrición de contratos ou a convocatoria de proxectos internacionais cando este apoio sexa determinante para a posible adxudicación ou participación de empresas españolas neles.

3. Poderanse beneficiar do apoio público á internacionalización da empresa española encomendado ao FIEM as empresas residentes en España, así como as súas filiais, sucursais ou participadas non-residentes cuxo control efectivo sexa da empresa residente. Nestes tres últimos casos, o apoio financeiro con cargo ao FIEM deberá, en todo caso, contribuír á obtención de valor engadido para a sociedade residente.

Así mesmo, poderán ser adxudicatarios de proxectos financiados con cargo ao FIEM consorcios de empresas con participación de empresa española, sempre que o proxecto financiado sexa de interese para a internacionalización da economía española.

Excepcionalmente, poderanse beneficiar do apoio público á internacionalización da empresa española encomendado ao FIEM outras empresas non-residentes, cando concorran circunstancias que o xustifiquen desde o punto de vista da internacionalización da economía española.

4. O xestor do FIEM velará especialmente pola internacionalización das pequenas e medianas empresas españolas. Para a consideración de pequena e mediana empresa (peme) aplicarase a definición que determine en cada momento a Unión Europea. Mentres non sexa obxecto de modificación, observarase o indicado na Recomendación da Comisión Europea 2003/361/CE, do 6 de maio de 2003, sobre a definición de microempresas, pequenas e medianas empresas (DOUE L 124, do 20 de maio de 2003).

5. En caso de subcontratación total ou parcial do proxecto, o Comité do FIEM poderá propor a fixación dunha porcentaxe máxima de financiamento do importe do contrato subcontratado cando considere que a subcontratación reduce o interese do proxecto para a internacionalización da empresa española.

Artigo 13. *Obrigas dos adxudicatarios.*

1. As empresas españolas que fosen seleccionadas para a execución dun proxecto con cargo ao FIEM deberán certificar, como requisito previo para poder tomar parte no

proxecto, que cumpren co establecido nos acordos internacionais subscritos por España en materia de responsabilidade empresarial, dereitos laborais e de igualdade de xénero e, en particular, nos acordos relativos á loita contra a corrupción e de carácter ambiental do Grupo de Crédito á Exportación da Organización para a Cooperación e o Desenvolvemento Económico (OCDE).

O cumprimento dos acordos mencionados implica que non poderán ser beneficiarias empresas que contribuísen á violación dos dereitos humanos, que participasen en prácticas de corrupción ou que violasen os acordos en materia de dereitos dos traballadores, da infancia ou outras normas éticas que supoñan unha contradición cos acordos internacionais ratificados por España.

2. Ademais, as empresas que fosen adxudicatarias de proxectos financiados con cargo ao FIEM poderán optar, como requisito previo para poder tomar parte no proxecto, entre autorizar o órgano encargado da tramitación para que obteña de forma directa a acreditación de se encontrar ao día nas súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social ou, no caso de non realizar esta autorización, achegar a correspondente certificación. Así mesmo, as empresas executoras dos proxectos FIEM non poderán estar, en modo ningún, incursas nalgunha das prohibicións establecidas na lexislación de contratos do sector público. Para o efecto, e para cada operación en que tomen parte, deberán achegar a correspondente declaración responsable.

3. O Comité do FIEM poderá, caso por caso, exixir á empresa ou empresas executoras dos proxectos financiados con cargo ao FIEM calquera outra información ou certificación que considere necesaria para asegurar a eficacia e eficiencia no financiamento con cargo ao Fondo.

4. Os adxudicatarios deberanlle comunicar á Dirección xeral de Comercio e Investimentos todo proxecto de modificación do contrato comercial. No caso de que a modificación contractual afecte ou poida afectar a natureza, importe, alcance ou condicións de financiamento con cargo ao FIEM, esta modificación requirirá a aprobación do mencionado órgano directivo.

5. En caso de incumprimento das condicións previstas no instrumento de financiamento, aplicarase o disposto no artigo 13 da Lei 11/2010, do 28 de xuño.

CAPÍTULO IV

Modalidades de financiamento

Artigo 14. *Modalidades do financiamento.*

1. O apoio financeiro con cargo ao FIEM poderá adoptar algunha das seguintes modalidades:

- a) Préstamos, créditos ou liñas de crédito reembolsables en condicións comerciais.
- b) Préstamos, créditos ou liñas de crédito reembolsables en condicións concesionais.
- c) Financiamento non reembolsable.

2. Un mesmo proxecto financiable con cargo ao FIEM poderá recibir apoio financeiro dunha ou varias das modalidades descritas no número 1 deste artigo. A combinación de modalidades de financiamento para un proxecto terá en conta a súa viabilidade comercial, o custo de oportunidade dos recursos ou a dispoñibilidade de fontes alternativas de financiamento.

3. A utilización dunha ou varias das modalidades de financiamento con cargo ao FIEM non exclúe a posibilidade de recibir outras formas de apoio financeiro tanto de fontes públicas como privadas.

4. A parte do financiamento dun proxecto realizado con cargo ao FIEM non poderá ser obxecto de cobertura con seguros ou garantías de crédito á exportación por conta do Estado.

Artigo 15. *Definición do valor do contrato comercial.*

1. Para os efectos deste regulamento e en particular dos seus artigos 17 e 19, entenderase por «valor do contrato comercial» o prezo establecido no contrato comercial como contraprestación aos bens e servizos que subministrará o exportador.

2. Máis concretamente, o valor do contrato comercial incluirá:

a) O prezo establecido no contrato comercial para bens de nova fabricación e servizos españois obxecto de exportación definitiva. A Secretaría de Estado de Comercio Exterior, a través da Dirección Xeral de Comercio e Investimentos, poderá requirir xustificación da orixe das materias primas, compoñentes e características do proceso produtivo dos bens e servizos exportados.

A exportación de bens usados ou que non procedan de nova fabricación só poderá ser obxecto de financiamento con apoio oficial coa autorización expresa da Secretaría de Estado de Comercio Exterior, a través da Dirección Xeral de Comercio e Investimentos. Para solicitar este financiamento con apoio oficial será necesario comunicar a data de construción dos bens e a orixe dos materiais e servizos incorporados.

b) Así mesmo, incluíranse neste compoñente:

i) Os valores do frete e do seguro de transporte incluídos no contrato comercial, sempre que estes servizos sexan contratados polo exportador cunha compañía española e, no caso do frete marítimo, cunha compañía armadora española inscrita no rexistro de empresas armadoras e con recursos de frota propios, salvo o previsto na normativa comunitaria.

ii) No caso de que o financiamento da operación conte con recursos distintos ao FIEM e que estes recursos estean cubertos por un seguro de crédito á exportación, na modalidade de crédito comprador, e sempre que este servizo de seguro sexa prestado por unha compañía española, o importe da prima do seguro de crédito á exportación poderá estar incluído no valor do contrato segundo o previsto no Acordo xeral sobre liñas directrices en materia de crédito á exportación con apoio oficial da OCDE ou Consenso da OCDE.

c) O prezo establecido no contrato comercial para os bens e servizos orixenarios de países terceiros, excluído o do importador, que entren a formar parte do proxecto ou se incorporen aos bens e servizos españois obxecto de exportación, xa sexa en España, no país do beneficiario ou nun país terceiro. A Secretaría de Estado de Comercio Exterior, a través da Dirección Xeral de Comercio e Investimentos, poderá requirir xustificación da orixe dos bens e servizos emitida polas autoridades competentes.

Incluíranse neste compoñente:

i) Os valores do frete e do seguro de transporte incluídos no contrato comercial que o exportador contrate con compañías de países terceiros e, no caso do frete marítimo, con compañías armadoras rexistradas en países terceiros.

ii) O importe da prima do seguro de crédito á exportación, incluído no contrato comercial, na modalidade de crédito ao comprador, sempre que este servizo sexa prestado por unha compañía dun país terceiro.

d) O importe de gastos locais incluído no contrato, considerándose como tal aquela parte do contrato comercial correspondente aos desembolsos que se deberán realizar no país de destino da exportación, como contraprestación aos bens e servizos subministrados polo dito país e que, executados baixo responsabilidade directa do exportador, resulten necesarios para a execución do contrato comercial ou para completar o proxecto do que o contrato do exportador forme parte. Incluíranse neste concepto os valores do frete e do seguro de transporte incluídos no contrato comercial que o exportador contrate con compañías do país de destino da exportación e, no caso do frete marítimo, con compañías armadoras rexistradas no país do importador.

Artigo 16. *Definición do valor dos bens e servizos exportados ou base de cálculo.*

1. Entenderase por valor dos bens e servizos exportados a suma do valor dos bens ou servizos españois ou procedentes de país terceiro, tanto dos incluídos no contrato

comercial como doutros conceptos derivados do financiamento e aseguramento da operación de exportación que poidan ser considerados servizos exportados.

2. En concreto, a base de cálculo do valor dos bens e servizos exportados incluirá:

a) O 100 por cento do valor dos bens e servizos españois incluídos no contrato comercial. Poderá formar parte da base de cálculo ata o 100 por cento do importe da prima do seguro de crédito á exportación, na modalidade de crédito comprador financiado con cargo a unha fonte de financiamento distinta ao FIEM, e sempre que o servizo de cobertura sexa prestado por unha compañía española, tanto se está como se non está incluída no contrato comercial.

b) Ata o 100 por cento do valor dos bens e servizos exportados dun país terceiro que sexan parte do proxecto.

c) Ata o 100 por cento do valor das comisións comerciais.

En ningún caso entrarán a formar parte da base os xuros que se xerarán sobre o principal do préstamo durante o período de amortización do crédito.

Artigo 17. Características dos créditos, préstamos ou liñas de crédito reembolsables en condicións comerciais.

1. Os créditos, préstamos ou liñas de crédito reembolsables en condicións comerciais con cargo ao FIEM deberán cumprir o disposto ao respecto na normativa internacional de créditos á exportación e, en particular, o disposto no Acordo xeral sobre liñas directrices en materia de crédito á exportación con apoio oficial da Organización para a Cooperación e o Desenvolvemento Económico (OCDE). Así mesmo, deberán cumprir as condicións xerais que se establecen nos seguintes números deste artigo, así como as condicións financeiras preceptuadas no artigo 18 deste regulamento.

2. Pagamento anticipado: o comprador estranxeiro efectuará, como mínimo, e con fondos que non procedan do financiamento con apoio oficial, un pagamento ao contado segundo o establecido no Consenso da OCDE ou no acordo sectorial anexo ao consenso correspondente coa natureza da exportación. O pagamento anticipado deberase facer no punto de arranque do crédito, definido no Acordo xeral sobre liñas directrices en materia de crédito á exportación con apoio oficial, ou con anterioridade a este.

3. Importe do crédito: como consecuencia do disposto no número 2, o importe do crédito, préstamo ou liña de crédito reembolsables ascenderá á porcentaxe complementaria ao pagamento anticipado ata alcanzar o 100 por cento dos bens e servizos exportados, segundo o estipulado no Consenso da OCDE ou no Acordo sectorial anexo a este.

4. Prima de seguro: poderase financiar ata o 100 por cento da prima na modalidade de crédito comprador financiado con cargo a unha fonte de financiamento distinta ao FIEM, e sempre que o servizo de cobertura sexa prestado por unha compañía española, tanto se está como se non está incluída no contrato comercial.

5. Gasto local: ao importe do crédito, préstamo ou liña de crédito reembolsable poderase engadir o importe derivado do financiamento de ata o 100 por cento do gasto local, sempre que este último importe non supere a porcentaxe máxima de gasto local financiable segundo o establecido no Acordo xeral sobre liñas directrices en materia de crédito á exportación con apoio oficial da OCDE ou nos acordos sectoriais correspondentes.

6. Condicións do crédito, préstamo ou liña de crédito reembolsable: con carácter xeral, o crédito, préstamo ou liña de crédito reembolsable poderá financiar os distintos compoñentes da base de cálculo.

7. Sen prexuízo do anterior, deberanse respectar as seguintes condicións:

a) O crédito, préstamo ou liña de crédito reembolsable poderá financiar ata o 100 por cento dos bens e servizos exportados en concepto de material estranxeiro, sempre que o financiamento do material estranxeiro con cargo ao FIEM non impida poder financiar ata o 100 por cento dos bens e servizos españois exportados, dado o valor do crédito, préstamo ou liña de crédito reembolsable. Nestes casos, o Comité do FIEM poderá limitar a

porcentaxe máxima de material estranxeiro financiado con cargo ao FIEM para cada operación.

b) Así mesmo, o crédito poderá cubrir ata o 100 por cento das comisións comerciais, sempre e cando este importe non supere o 5 por cento do valor dos bens e servizos exportados.

Artigo 18. Condicións financeiras do financiamento comercial.

1. As condicións relativas ao financiamento comercial referidas no artigo 17 deste regulamento respectarán o disposto nos acordos internacionais en materia de financiamento á exportación con apoio oficial dos cales o Reino de España é parte.

2. Sen prexuízo do anterior, as condicións financeiras serán as seguintes:

a) Tipo de xuro: o tipo de xuro poderá ser variable ou fixo. O tipo de xuro variable ofrecido deberá tomar como referencia o tipo de xuro do mercado da moeda do financiamento para o tipo de financiamento ofrecido segundo o seu prazo de xeración de xuros máis unha marxe en concepto de risco de non pagamento do financiamento, conforme o previsto no Consenso da OCDE. O tipo de xuro fixo ofrecido terá como referencia o tipo de xuro aplicable aos financiamientos acollidos aos convenios regulados pola Orde ITC/138/2009, do 28 de xaneiro, pola que se regulan diversos aspectos relacionados coa concesión de apoio oficial ao crédito á exportación mediante convenios de axuste recíproco de xuros.

b) Moeda: as operacións poderán estar denominadas en euros ou en calquera outra moeda admitida a cotización oficial polo Banco Central Europeo. Con carácter excepcional, e logo de autorización do Comité do FIEM, poderanse aceptar operacións con moedas non admitidas a cotización oficial.

c) Amortización: os prazos de amortización dos créditos á exportación fixaranse en función do produto cuxa exportación é obxecto de financiamento e conforme o establecido polos acordos multilaterais en materia de crédito á exportación con apoio oficial en que o Reino de España é parte.

d) Reembolso: o principal dun crédito, préstamo ou liña de crédito así como os xuros reembolsaranse de acordo cos perfís de repagamento recollidos no Consenso da OCDE ou nos acordos sectoriais anexos ao consenso aplicables en función da natureza sectorial da operación.

3. Con suxeición ao previsto nos puntos anteriores, as condicións financeiras das operacións e proxectos relevantes previstos no capítulo II deste regulamento serán propostas caso a caso pola Dirección Xeral de Comercio e Investimentos ao Comité do FIEM para a súa análise; tales condicións poderanse propor coas flexibilidades e excepcións previstas no Consenso da OCDE ou nos acordos sectoriais anexos a este.

Artigo 19. Características dos créditos, préstamos ou liñas de crédito reembolsables en condicións concesionais.

1. Os créditos, préstamos ou liñas de crédito reembolsables en condicións concesionais con cargo ao FIEM, do artigo 14.1.b), deberán ser compatibles co disposto ao respecto na normativa internacional de créditos á exportación e, en particular, co disposto no Acordo xeral sobre liñas directrices en materia de crédito á exportación con apoio oficial da Organización para a Cooperación e o Desenvolvemento Económico (OCDE). Así mesmo, deberán cumprir as condicións xerais que se establecen nos seguintes números deste artigo, así como as condicións financeiras preceptuadas no artigo 20 deste regulamento.

2. Pagamento anticipado: o comprador estranxeiro efectuará, como mínimo, un pagamento ao contado equivalente ao 15 por cento do valor dos bens e servizos exportados. O pagamento adiantado deberase facer no punto de arranque do crédito, definido no Acordo xeral sobre liñas directrices en materia de crédito á exportación con apoio oficial, ou con anterioridade a el.

3. Importe do crédito: o importe do crédito, préstamo ou liña de crédito reembolsable en condicións concesionais poderá ascender ata o 100 por cento do valor do contrato comercial ou de exportación.

4. O crédito, préstamo ou liña de crédito reembolsable concesional poderá financiar unha porcentaxe superior ao 50 por cento dos bens e servizos exportados en concepto de material estranxeiro e gasto local conxuntamente considerados, sempre que o financiamento do material estranxeiro e do gasto local con cargo ao FIEM non impida poder financiar ata o 100 por cento dos bens e servizos españois exportados, dado o valor do crédito, préstamo ou liña de crédito reembolsable. Nestes casos, o Comité do FIEM poderá propor a limitación da porcentaxe máxima de material estranxeiro financiado con cargo ao FIEM para cada operación.

5. Comisións comerciais: o importe deste concepto financiado con cargo ao FIEM non poderá superar o 5 por cento do valor dos bens e servizos exportados.

Artigo 20. *Condicións financeiras do financiamento concesional.*

1. As condicións financeiras do financiamento reembolsable concesional en termos de vencemento, período de graza e tipo de xuro deberán respectar o elemento mínimo de concensionalidade aplicable en cada operación segundo a normativa internacional en materia de crédito á exportación.

2. O cálculo da concensionalidade será compatible coa metodoloxía recollida na normativa internacional do crédito á exportación e, máis concretamente, deberá cumprir o disposto no Acordo xeral sobre liñas directrices en materia de crédito á exportación con apoio oficial da OCDE.

3. Moeda: as operacións poderán estar denominadas en euros ou en calquera outra moeda admitida a cotización oficial polo Banco Central Europeo. Con carácter excepcional, e logo de autorización do Comité do FIEM, poderanse aceptar operacións con moedas non admitidas a cotización oficial.

4. As condicións de devolución ou reembolso do principal e xuros do financiamento reembolsable concesional serán as recollidas no correspondente convenio de crédito atendendo ao cadro de amortización da operación obxecto de financiamento.

5. Con suxeición ao previsto nos números anteriores, as condicións financeiras das operacións e proxectos relevantes previstos no capítulo II deste regulamento serán propostas caso a caso pola Dirección Xeral de Comercio e Investimentos ao Comité do FIEM para a súa análise, de ser o caso, coas flexibilidades e excepcións previstas no Consenso da OCDE ou nos acordos sectoriais anexo a el.

Artigo 21. *Financiamento non reembolsable.*

1. Poderanse financiar de forma non reembolsable asistencias técnicas e consultorías recollidas no artigo 6 deste regulamento. A solicitude do financiamento de tales actuacións debe provir das autoridades competentes do país beneficiario.

2. Sen prexuízo do anterior, poderase conceder financiamento non reembolsable a proxectos de interese para a internacionalización da empresa española cando este financiamento sexa imprescindible para levar a bo fin o proxecto naqueles casos en que, por causas sobrevidas e alleas á súa vontade, a empresa adxudicataria non puidese finalizalo, sempre que iso puidese comprometer negativamente as obrigas asumidas por España cos países beneficiarios e prexudique as relacións financeiras económicas e comerciais bilaterais de España co país beneficiario do financiamento.

3. Así mesmo, poderase conceder financiamento non reembolsable para proxectos e operacións aprobados no marco de acordos con organismos ou axencias internacionais, en coordinación co departamento ministerial competente, sempre que sexan de interese para a internacionalización da empresa española.

CAPÍTULO V

Xestión do FIEMArtigo 22. *Xestión do Fondo.*

1. A xestión do FIEM corresponde ao Ministerio de Industria, Turismo e Comercio, a través da Secretaría de Estado de Comercio Exterior.

2. Corresponderán ao xestor do Fondo, entre outras tarefas, as seguintes:

- a) a selección dos proxectos que se financiarán con cargo ao Fondo e de común acordo cos beneficiarios do financiamento,
- b) a elaboración dos perfís e estudos de viabilidade que sexan precisos para a análise dos ditos proxectos,
- c) a valoración das propostas de financiamento e a súa posterior presentación ao Comité do FIEM para a súa avaliación,
- d) a supervisión da execución dos citados proxectos e a súa avaliación.

3. Corresponderá tamén ao xestor do Fondo, en coordinación cos órganos competentes dependentes do Ministerio de Asuntos Exteriores e Cooperación, o establecemento de medidas de prevención para a mitigación dos impactos negativos no desenvolvemento que sexan identificados no estudo das operacións realizadas con cargo ao Fondo.

4. O Ministerio de Industria, Turismo e Comercio, como xestor do FIEM, impulsará con todos os medios ao seu alcance a aplicación dos principios de transparencia e concorrencia polos países beneficiarios e poderá por á disposición destes os recursos necesarios para garantir a eficiencia no procedemento de identificación, selección e adxudicación de proxectos. Para iso, poderanse financiar con cargo ao FIEM servizos de apoio á identificación e definición daqueles proxectos susceptibles de seren financiados con cargo ao Fondo, así como a asistencia técnica necesaria para a licitación e supervisión de proxectos.

5. No caso en que as actuacións de apoio mencionadas nos números anteriores se realizasen mediante a correspondente encomenda de xestión a algunha das entidades que teñan atribuídas a condición de medio propio e servizo técnico da Administración, corresponderá ao director xeral de Comercio e Investimentos autorizar mediante resolución os pagamentos asociados ás encomendas realizadas por medios propios da Administración xeral do Estado para as actividades de apoio enunciadas no punto anterior, conforme as súas respectivas tarifas. O Instituto de Crédito Oficial (ICO), como axente financeiro do Estado, será o encargado de realizar os pagamentos con cargo ao Fondo.

Artigo 23. *O Comité do Fondo para a Internacionalización da Empresa (Comité do FIEM).*

1. O Comité do Fondo para a Internacionalización da Empresa (Comité do FIEM) é un órgano colexiado dos previstos no artigo 40.1.a) da Lei 6/1997, do 14 de abril, de organización e funcionamento da Administración xeral do Estado, e adscríbese ao Ministerio de Industria, Turismo e Comercio, a través da Secretaría de Estado de Comercio Exterior.

2. Sen prexuízo das peculiaridades establecidas neste regulamento e, de ser o caso, nas súas regras de funcionamento interno, as convocatorias do Comité, así como o seu réxime de constitución, de adopción de acordos e de realización das sesións, axustaranse ao previsto en materia de órganos colexiados no capítulo II do título II da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

Artigo 24. Composición do Comité do FIEM.

O Comité do FIEM terá a seguinte composición:

1. Presidente: o secretario de Estado de Comercio Exterior.
2. Vicepresidente primeiro: o director xeral de Comercio e Investimentos.
3. Vicepresidente segundo: o subdirector xeral de Fomento Financeiro da Internacionalización.
4. Vogais, todos eles con voz e voto:
 - a) O director de gabinete do secretario de Estado de Comercio Exterior.
 - b) O subdirector xeral de Política Comercial con Europa, Asia e Oceanía.
 - c) O subdirector xeral de Política Comercial con Iberoamérica e América do Norte.
 - d) O subdirector xeral de Política Comercial con Países Mediterráneos, África e Oriente Medio.
 - e) O director xeral de Financiamento Internacional do Ministerio de Economía e Facenda.
 - f) O director xeral de Relacións Económicas Internacionais e Asuntos Enerxéticos, en representación do Ministerio de Asuntos Exteriores e Cooperación.
 - g) Un representante do Instituto de Crédito Oficial (ICO).
 - h) Un representante da Compañía Española de Seguros e Créditos á Exportación (CESCE).
 - i) Un representante da Compañía Española de Financiamento do Desenvolvemento (COFIDES).
 - j) Un representante da Axencia Española de Cooperación Internacional para o Desenvolvemento (AECID) con rango de director designado por proposta da súa presidencia.

En caso de modificación da estrutura orgánica básica do Ministerio de Industria, Turismo e Comercio que afectase os subdirectores xerais a que fan referencia os parágrafos b), c) e d), estes consideraranse substituídos por aqueles que pasasen a ter atribuídas as súas funcións.

5. Secretario: un representante do Instituto de Crédito Oficial (ICO), quen actuará con voz pero sen voto.

Artigo 25. Funcionamiento do Comité do FIEM.

1. O Comité do FIEM quedará constituído cando estean presentes o presidente, o secretario do Comité e, polo menos, catro vogais.
2. Con carácter ordinario, o Comité do FIEM reunirse unha vez ao mes.
3. O Comité do FIEM poderá, así mesmo, reunirse con carácter extraordinario, sempre que sexa necesario.
4. O Comité do FIEM tamén poderá someter a debate cuestións de forma virtual. Para que o Comité do FIEM quede constituído de forma virtual, será necesario que os membros do Comité mencionados no número 1 deste artigo deixen constancia, de xeito expreso, da súa participación no Comité do FIEM virtual. As operacións presentadas ao Comité do FIEM virtual non superarán os 3 millóns de euros.
5. O Comité do FIEM poderá invitar ao Comité asistentes específicos cando a natureza das propostas individuais que se van tratar así o requira e co fin de achegar ao Comité unha mellor comprensión e valoración delas. Tales asistentes terán voz pero non voto.
6. Corresponderá ao subdirector xeral de Fomento Financeiro da Internacionalización, xunto cos subdirectores xerais de Política Comercial correspondentes ao país beneficiario do financiamento, facer a presentación das propostas.
7. Nos casos de vacante, ausencia ou enfermidade e, en xeral, cando conorra algunha causa xustificada, os membros do Comité do FIEM poderán ser substituídos por un representante do mesmo órgano a que estean adscritos, previamente designado polo

membro que vaia substituír. Para estes efectos, o secretario de Estado de Comercio Exterior poderá ser substituído polo director xeral de Comercio e Investimentos, un director xeral por un subdirector xeral e un subdirector xeral por outro subdirector xeral.

8. A designación dun suplente implicará a delegación do voto do membro do Comité ausente ao suplente. Un mesmo membro do Comité FIEM non poderá ter máis dun voto.

Artigo 26. *Funcións do Comité do FIEM e aprobación das operacións.*

1. Na primeira reunión do ano, corresponderalle ao Comité do FIEM propor e elevar para a súa aprobación ao secretario de Estado de Comercio Exterior as liñas orientativas de actuación do instrumento que permitan valorar o interese de países, sectores ou proxectos susceptibles de recibir apoio financeiro con cargo ao FIEM. Estas liñas faranse públicas mediante o oportuno anuncio na sede electrónica do Ministerio de Industria, Turismo e Comercio no prazo máximo de dúas semanas desde a súa aprobación polo secretario de Estado de Comercio Exterior.

2. O Comité do FIEM poderá examinar a adecuación a este regulamento tanto das ofertas de financiamento de proxectos como dos programas e acordos de cooperación financeira con países terceiros que inclúan como forma de colaboración financiamento con cargo ao FIEM e, se é o caso, elevaranse para a súa aprobación, segundo proceda.

3. Corresponderá ao Comité do FIEM examinar e, de ser o caso, elevar para a súa aprobación polo secretario de Estado de Comercio Exterior, aquelas propostas de financiamento que se lle presenten con cargo ao FIEM.

A aprobación polo secretario de Estado de Comercio Exterior referirase ás propostas de financiamento relativas ás asistencias técnicas, consultorías e estudos dos previstos no artigo 6 deste regulamento, independentemente da modalidade de financiamento, así como a todas as operacións e proxectos dos previstos no capítulo II deste mesmo regulamento cando estes sexan financiados segundo a modalidade de crédito reembolsable comercial prevista no artigo 14.1.a) deste regulamento.

4. O Comité do FIEM valorará aqueles créditos de carácter concesional e doazóns relacionados con operacións e proxectos de exportación e investimento, así como con contribucións a organismos internacionais dos previstos nos artigos 4, 5 e 7 deste regulamento, e propondrá a súa elevación ao Consello de Ministros para a súa aprobación.

5. O Consello de Ministros aprobará, se é o caso, as liñas de crédito en condicións concesionais de carácter xeográfico e sectorial.

O secretario de Estado de Comercio Exterior aprobará, se é o caso, as liñas de crédito en condicións comerciais.

A imputación de proxectos con cargo ás ditas liñas de crédito realizaraa a Dirección Xeral de Comercio e Investimentos logo de análise do Comité do FIEM.

6. O Comité do FIEM valorará aquelas operacións que sexan de especial relevancia atendendo ao seu importe e/ou consideracións de risco e poderá decidir a súa elevación, para aprobación, se é o caso, ao Consello de Ministros, logo de informe da Comisión Delegada do Goberno para Asuntos Económicos e por proposta do Ministerio de Industria, Turismo e Comercio. O Ministerio de Industria, Turismo e Comercio remitirá a documentación pertinente, que deberá, en todo caso, permitir valorar o impacto do crédito obxecto de financiamento sobre a débeda do país receptor, o previsible impacto sobre o seu desenvolvemento, as recomendacións de endebamento do país formuladas polas institucións financeiras multilaterais, a natureza do proxecto, a análise técnica do risco asociado ao proxecto e a relevancia deste desde o punto de vista da internacionalización da economía española e das relacións bilaterais.

En todo caso, aquelas operacións que contén con garantías privadas recollidas no artigo 10.2 deste regulamento deberán ser elevadas polo Comité do FIEM para a súa aprobación polo Consello de Ministros, logo de informe da Comisión Delegada do Goberno para Asuntos Económicos.

7. Así mesmo, o Comité do FIEM valorará aquelas operacións de financiamento de carácter reembolsable en que figuren como prestameiros Estados que alcanzasen o punto de culminación no marco da iniciativa HIPC e se acollesen a iniciativas multilaterais de

condonación con que España teña subscritos acordos de alivio da carga da débeda. Estas operacións elevaranse, para aprobación, se é o caso, ao Consello de Ministros por proposta do Ministerio de Industria, Turismo e Comercio e logo de informe da Comisión Delegada do Goberno para Asuntos Económicos. Para iso, o Ministerio de Industria, Turismo e Comercio remitirá a documentación pertinente, que deberá, en todo caso, permitir valorar o impacto do crédito obxecto de financiamento sobre a débeda do país receptor, o previsible impacto sobre o seu desenvolvemento, as recomendacións de endebedamento do país formuladas polas institucións financeiras multilaterais, a natureza do proxecto e a súa relevancia desde o punto de vista da internacionalización e das relacións bilaterais.

8. O Comité do FIEM poderá, así mesmo, avaliar as operacións de renegociación e condonación dos activos do FIEM, por proposta do Ministerio de Economía e Facenda, para a súa eventual elevación ao Consello de Ministros, para a súa aprobación, se procede.

9. O Comité do FIEM poderá examinar, avaliar e, de ser o caso, propor as medidas necesarias para a resolución das incidencias graves dos proxectos.

10. Con carácter anual, o Comité do FIEM realizará unha avaliación da carteira do instrumento. En concreto, revisaranse os proxectos en execución, as ofertas en vigor e o equilibrio da carteira do instrumento, así como calquera outro tema que se considere importante para o funcionamento do instrumento. O Comité do FIEM poderá examinar e, de ser o caso, propor cancelar aqueles proxectos aprobados con anterioridade que non se comezasen a executar no prazo dun ano desde a súa aprobación.

11. O Comité do FIEM examinará e, se é o caso, propondrá a aprobación das contas anuais do FIEM, pechadas polo Instituto de Crédito Oficial (ICO) e auditadas pola Intervención Xeral da Administración do Estado.

Artigo 27. *Criterios de valoración das operacións.*

1. Para a valoración das operacións e das súas propostas de financiamento teranse en conta todos ou algúns dos seguintes criterios:

a) As liñas orientativas anuais de actuación do instrumento decididas polo Comité do FIEM.

b) Características, equilibrio interno e externo do país beneficiario, así como o interese deste no marco da política comercial española. Poderase, así mesmo, considerar a situación de débeda bilateral do país con España e o seu peso no conxunto da carteira do FIEM.

c) Interese do sector: valorarase o interese do sector no marco da política comercial española, así como o seu interese e perspectivas para a implantación das empresas españolas en sectores estratéxicos que xeren novas oportunidades de actuación e a súa permanencia a medio e longo prazo.

d) Interese do proxecto para España desde o punto de vista da internacionalización: valor engadido e compoñente tecnolóxica dos bens e servizos exportados, transferencia de coñecemento, impacto sobre a marca España, loita contra o cambio climático, incluíndo a xeración de unidades negociables nos mercados de carbono, tales como dereitos de compra de emisións de CO₂ ou similares, mellora da cadea de valor das empresas españolas, así como calquera outro concepto de interese para a internacionalización da empresa española.

e) Viabilidade técnica e financeira: valorarase a viabilidade técnica do proxecto, velando pola súa calidade. Para iso, teranse en conta criterios como o mantemento ou a súa sostibilidade, así como calquera outro criterio técnico que garanta a calidade do proxecto financiado. Tamén se velará pola sostibilidade financeira do proxecto, segundo a modalidade de financiamento proposta.

f) O Comité do FIEM valorará a calidade das garantías referidas no artigo 10 deste regulamento.

g) Limitación de riscos da carteira FIEM: o Comité do FIEM velará por un adecuado equilibrio de riscos da carteira FIEM, atendendo tanto á distribución de risco por país, por sector e/ou por empresa executora.

h) O Comité do FIEM terá en conta o custo de oportunidade de financiar ou non o proxecto, considerando a existencia doutros proxectos alternativos ou fontes alternativas de financiamento.

i) Normas sobre material estranxeiro: tomaranse como referencia as normas de orixe aplicables en España, recollidas no Regulamento (CE) n.º 450/2008 do Parlamento Europeo e do Consello, do 23 de abril de 2008, polo que se establece o código alfandegueiro comunitario (código alfandegueiro modernizado), e o Regulamento (CEE) n.º 2454/93 da Comisión, do 2 de xullo de 1993, polo que se fixan determinadas disposicións de aplicación do dito código, así como os acordos preferenciais subscritos pola Unión Europea e os sistemas preferenciais xeneralizados adoptados unilateralmente pola Unión Europea.

j) O Comité do FIEM poderá ter en conta calquera outro elemento que considere de interese para a valoración e aprobación das propostas.

2. En cumprimento do principio de complementariedade co mercado, e con carácter xeral, serán de especial interese aquelas operacións que reciban cofinanciamento privado.

Artigo 28. *Seguimento e avaliación dos proxectos financiados con cargo ao FIEM.*

1. O Ministerio de Industria, Turismo e Comercio, como xestor do Fondo, garantirá con todos os medios ao seu alcance a eficaz e eficiente utilización dos fondos, para o cal se poderán contratar con cargo ao FIEM o control, seguimento e avaliación dos distintos proxectos que fosen ou vaian ser financiados con cargo ao dito Fondo.

2. Poderán ser obxecto de avaliación individual:

a) Os proxectos aprobados de importe igual ou superior a 15 millóns de euros.

b) O 10 por cento de todas as operacións de importe inferior a 15 millóns de euros aprobadas nun ano.

O Comité do FIEM fixará unha data aproximada para a avaliación *ex post* do proxecto, se procede, atendendo ás súas características técnicas e económicas.

3. Os informes de avaliación dos proxectos poderanse facer públicos.

4. Aqueles proxectos que non fosen finalizados na data fixada polo Comité do FIEM para a súa avaliación final, deberán ser novamente analizados polo Comité do FIEM. Este avaliará as alternativas de finalización ou, de ser o caso, de cancelación do proxecto.

5. O Comité do FIEM velará pola transparencia e independencia das avaliacións. Por iso, a avaliación dun proxecto non poderá ser realizada pola entidade que fixese a identificación do proxecto e/ou o estudo de viabilidade. Así mesmo, o xestor do FIEM velará pola diversificación e especificidade das encomendas de avaliación a medios propios da Administración xeral do Estado.

6. As empresas que resultasen adxudicatarias de proxectos financiados con cargo ao FIEM, así como as entidades financeiras que participen na operación, facilitaranlle á Administración española canta información lles sexa solicitada sobre o proxecto.

Artigo 29. *Control parlamentario.*

1. O Goberno remitirá unha memoria anual ás Cortes Xerais e ao Consello Económico e Social das operacións, proxectos e actividades autorizadas con cargo ao Fondo de Internacionalización da Empresa, dos seus obxectivos e beneficiarios do financiamento, condicións financeiras e avaliacións, así como información sobre o desenvolvemento das operacións en curso ao longo do período considerado.

2. Con periodicidade anual, o secretario de Estado de Comercio Exterior comparecerá en reunións ante as comisións de Industria, Turismo e Comercio do Congreso dos Deputados e do Senado para presentar a dita memoria e dar conta da execución anual do FIEM e facer balance sobre as actuacións do Fondo e a adecuación dos resultados obtidos en relación cos previstos na estratexia de internacionalización.

3. Todas as operacións que se fagan con recursos do FIEM estarán suxeitas a información pública a través da posta á disposición da memoria, que, unha vez remitida ás

Cortes Xerais, se exporá na sede electrónica do Ministerio de Industria, Turismo e Comercio.

Artigo 30. *Xestión da débeda FIEM.*

No exercicio das súas funcións, como axente financeiro, reguladas no artigo 11.1 da Lei 11/2010, do 28 de xuño, de reforma do sistema de apoio financeiro á internacionalización da empresa española, o Instituto de Crédito Oficial (ICO):

- a) Realizará o seguimento e control dos cobramentos e das posibles incidencias neles, así como, se é o caso, a reclamación das cantidades impagadas.
- b) Poderá asinar acordos bilaterais de renegociación e condonación dos activos do FIEM, seguindo as instrucións do Ministerio de Economía e Facenda. Estes acordos serán estudados polo Comité do FIEM e serán elevados polo Ministerio de Economía e Facenda ao Consello de Ministros para a súa aprobación.